



## **CIRCULAR 57-2019.**

### **VIII CAMPIONATO DE GALICIA DE CLUBS SUB10, SUB12 e SUB14**

- *A todas as delegacións da FGA.*
- *A todos/as os/as asembleístas*
- *A todos os clubs galegos con licenza vixente*
- *A todos/as os/as adestradores/as con licenza vixente*
- *A todos/as os/as xuíces/zas galegos/as con licenza vixente*

**Art.1)** A Federación Galega de Atletismo organiza o Campionato de Galicia sub10, sub12 e sub14 por equipos que terá lugar no Estadio Calabagueiros de O Barco de Valdeorras, o 17 de maio de 2019, en xornada de mañá os sub10 e sub12 e de tarde os sub14.

**Art.2)** O prazo de pre-inscrición para os equipos interesados en participar rematará o día 7 de maio ás 20h. Estes equipos deberán remitir un correo á FGA [direcciontecnica@atletismo.gal](mailto:direcciontecnica@atletismo.gal) notificando o seu desexo de participar comprometéndose a cumprir dita participación. Posteriormente deberán facer a inscrición definitiva a través do sistema online na web da RFEA (<https://isis.rfea.es/sirfea2/>) ata as 20:00 do martes 14 de maio do 2019.

**Art.3)** Limitación na inscrición: Cada atleta poderá realizar un máximo de 2 probas (no caso de ser carreiras, só unha poderá superar os 250m). Na categoría sub10 e sub12 a participación mínima será de 6 atletas e 8 probas. Nos sub14 a participación mínima será de 8 atletas e 14 probas. Permitiranse 2 participacións de clubs asociados en categoría sub10 e sub12 e 4 participacións en sub14.

**Art.4)** Realizarase unha clasificación por equipos onde existirá un campión masculino e outro feminino.

**Art.5)** Os/as atletas deberán utilizar o dorsal de forma totalmente visible, por diante, agás nos saltos que poden levar por diante ou por detrás, en toda a súa superficie. O incumprimento desta norma será motivo de descualificación. Será responsabilidade dos/as atletas levar consigo imperdibles ou calquera outro sistema para a colocación do dorsal.

**Art.6)** Número de intentos e cadencias: Nas categorías sub10 e sub12, nos lanzamentos e saltos horizontais cada participante poderá realizar 4 intentos. Na categoría sub14, haberá mellora.



**Art.7)** Programa de probas da competición

CATEGORÍA Sub10		CATEGORÍA Sub12		CATEGORÍA Sub14	
Homes	Mulleres	Homes	Mulleres	Homes	Mulleres
50	50	60	60	80	80
500	500	500	500	150	150
1000	1000	1000	1000	500	500
				1000	1000
				2000	2000
				1000obstác	1000obstác
1000mar	1000mar	2000mar	2000marc	2000marcha	2000marcha
Lonxitude	Lonxitude	Lonxitude	Lonxitude	Lonxitude	Lonxitude
Altura	Altura	Altura	Altura	Altura	Altura
				Triplo*	Triplo*
				Pértega	Pértega
Peso 1kg	Peso 1kg	Peso 2kg	Peso 2kg	Peso 3kg	Peso 3kg
Pelota (200gr)	Pelota (200gr)	Pelota 300gr	Pelota 300gr	Xavelina 500gr	Xavelina 400gr
				Disco 800gr	Disco 800gr
				Martelo 3kg	Martelo 3kg
				80v (0.84)	80v (0.76)
				220 (0.76)	220 (0.76)
Relevo 4x50	Relevo 4x50	Relevo 4x60	Relevo 4x60	Relevo 4x80	Relevo 4x80

\* Con carreira máxima de 15m

\* Para as categorías sub10 e sub12, nas probas de velocidade non é obrigatorio a saída con tacos nin a medición do vento. Nos sub14, nas probas de velocidade e valados é obrigatorio a saída con catro apoios (con ou sin tacos). Asemade é obrigatorio a medición do vento.

**Art.8)** O sistema de puntuación será establecido por postos. En cada carreira ou concurso establecerase o seguinte criterio: 1º: N+1, 2º: N-1; 3º: N-2... etc., sendo N o número de participantes.

**Art.9)** Proclamarase campión o Club que obteña maior cantidade de puntos. Haberá trofeo para os tres primeiros clasificados, sendo obrigatorio acudir ao protocolo de entrega dos mesmos.

**Art.10)** O Delegado oficial de cada Club poderá efectuar un máximo de 5 trocos na composición do seu equipo ata 30 minutos antes do comezo de cada proba respectiva.

**Art.11) Alturas dos listóns:** Publicarase cos inscritos



**Art.12)** Horario (provisional). O horario definitivo publicárase conxuntamente con os inscritos/as

<b>HORARIO PROVISIONAL</b>					
<b>XORNADA DE MAÑÁ (Sub 10 - Sub 12)</b>					
50 Sub 10 homes	10:30	Altura Sub 10	Pelota Sub 10 H	Peso Sub 10 M	Lonxitude Sub 12
50 Sub 10 mulleres	10:45				
60 Sub 12 homes	11:00				
60 Sub 12 mulleres	11:15		Pelota Sub 12 H	Peso Sub 12 H	Lonx Sub 10 M
500 Sub 10 homes	11:30				
500 Sub 10 mulleres	11:40				
500 Sub 12 homes	11:50				
500 Sub 12 mulleres	12:00		Pelota Sub 12 M	Peso Sub 10 M	Lonx Sub 10 H
1000 Sub 10 homes	12:10				
1000 Sub 10 mulleres	12:25	Altura Sub 12			
1000 Sub 12 homes	12:40				
1000 Sub 12 mulleres	12:55		Pelota Sub 10 M	Peso Sub 10 H	Lonx Sub 12 M
1000 marcha Sub 10	13:05				
2000 marcha Sub 12	13:08				
4x50 Sub 10 homes	13:25				
4x50 Sub 10 mulleres	13:35				
4x60 Sub 12 homes	13:45				
4x60 Sub 12 mulleres	13:55				
<b>XORNADA DE TARDE (Sub 14)</b>					
80v homes	16:30	Disco H	Altura H	Peso M	Lonxitude M
80v mulleres	16:40				
500 homes	16:50				
500 mulleres	17:00				
150 homes	17:10				
150 mulleres	17:20			Peso H	Lonxitude H
1000 homes	17:30	Disco M			
1000 mulleres	17:40				
2000 homes	17:55		Altura M		
	18:00			Xavelina M	
2000 mulleres	18:15				
	18:30	Martelo H			Tripló M
80 homes	18:45				
80 mulleres	18:55		Pértega H/M		
	19:00			Xavelina H	
1000obstáculos H	19:05				
1000obstáculos M	19:10				
220v homes	19:20				Tripló H
220v mulleres	19:30	Martelo M			
2000 marcha H/M	19:40				
4x80 homes	20:00				
4x80 mulleres	20:05				

\*En función das inscricións a organización poderá modificar o horario



**CIRCULAR**

Complexo Deportivo de Elviña, Avenida de Glasgow, 13  
15008 A Coruña. - T. +34 981 291 683 - federacion@atletismo.gal  
atletismo.gal - carreirasgalegas.com

**Art.13)** Todo o non disposto no presente regulamento resolverase de acordo, por esta orde, ás normas da FGA (ver normas técnicas FGA 2018-2019), RFEA e IAAF.

A Coruña, a 27 de abril de 2019



Carlos Castro Vicente  
**Secretario Xeral da Federación Galega de Atletismo**